

A N U N C I O

Con data 28 de decembro de 2012, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o seguinte acordo:

“1º.—Aprobar a oferta de emprego público do concello de Vigo para o ano 2012, integrada polas seguintes 19 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario (12 prazas, dúas delas pola quenda libre)

Administrativo/a Administración Xeral. Número de vacantes 4. Grupo C1; Escala Administración Xeral; Subescala Administrativa. Quenda de acceso: promoción interna.

Auxiliar Administración Xeral. Número de vacantes: 5. Grupo C2. Escala Administración Xeral; Subescala Auxiliar. Quenda de acceso: promoción interna.

Inspector/a Auxiliar Obras, Servizos e Infraestruturas. Número de vacantes: 1. Grupo C2. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais; Clase Cometidos Especiais. Quenda de acceso: promoción interna.

Condutor/a Bombeiro/a. Número de vacantes: 2. Grupo C2. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais; Clase Extinción de Incendios. Quenda de acceso: libre.

*b) Persoal laboral: 7 prazas pola quenda de promoción interna
(1 de capataz e 6 de oficial de oficios)*

Capataz. Número de prazas: 1. Quenda de acceso: promoción interna.

Oficial Xardineiro. Número de prazas: 2. Quenda de acceso: promoción interna.

Oficial Condutor. Número de prazas: 3. Quenda de acceso: promoción interna.

Oficial Instalacións Municipais. Número de prazas: 1. Quenda de acceso: promoción interna.

2º.—De conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, resérvase 1 praza (7% das 2 prazas ofertadas pola quenda libre e das 17 reservadas para promoción interna) para persoas con discapacidade:

— Unha praza de Auxiliar de Administración Xeral, da quenda de promoción interna”

Vigo, 6 de xuño de 2013.—O Concelleiro delegado de Xestión Municipal, Carlos López Font.

2013005829

A N U N C I O

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común despois de non resultar posíbel practicar a notificación persoal ó interesado no lugar indicado como enderezo a efectos de notificación, emprázase ó interesado que se sinala para ser notificado por comparecencia no seguinte expediente de Responsabilidade Patrimonial

Nº expediente

3824/243

Interesado

BENIGNO MOLDES ÁLVAREZ

A comparecencia deberá efectuarse perante o órgano de tramitación na Oficina de Patrimonio do Concello de Vigo, Prazo do Rei, s/n en horario de 09 a 13.30 horas de luns a venres.

Transcorrido un prazo de DEZ días sen se efectuar a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Vigo, 12 de xuño de 2013.—A concelleira-delegada de Patrimonio, M^a Carmen Silva Rego.

2013005902